Ourense 26 dos Santos 47

Sr. Don Luis Seoane.

POR AVIÓN

Meu querido e lembrado: Rubín por a cidá vella, cousiderei adispaciño e figuróuseme nova a casa de Cornide e sua conversa de dona feituquiña e rococó ca nosa Santa María cada vez mais románica, mais mariñeira e galega. Hai obras que co tempo milloran e peneiradas de circunstancias fáise de millor trigo. As veces sofren e fan sofrir por demais de sinceridade i expresión. Agora están enquanto grandes "bloques" e vaise equilibrando na curva a anomalía na gravedade producida por a casa Pastor. Estiven maxinando o desacreditado e fermoso poema estilo Ugo Fóscolo do Peñón das Ánimas, monumento funerario de prerromanticos, e seguín o parpadexar do sol nas cristaleiras da Mariña e seu asombro ó topar unha falla no teclado dos dedos da luz. Sóio foi un viaxen de cumprido. Penso no cerne do inverno voltar a Compostela, a Cormes e Laxe, e a Coruña. Atal lumioso e folanqueiro o outono que chega deica hoxe que non hai vagar pra escribir cousa algunha. Os moitos proxectos que fixen no barco débenme deixar engaiolan por as sirenas.

Lembranzas nosas pra todos os amigos, Colmeiro, Prieto, Baltar, Cuadrado. Tiven carta de Otero. Moito pensamos miña dona e mais eu en Vdes, e n'aquil xantar. Doéndonos moito de non nos ter despedido da sua dona pol'os mil trafegos dos derradeiros días. De verdade foron poucos, sobretodo pra xentes afeitas ó ritmo do vivir aldeán e de pronto botados a outro. Escribille no meirande silenzo, docemente alagada a i'alma nas doces aromáticas da carballeira onde estivemos por a tarde, inda que envolven á luz do quinqué. N'ista casa vivimos no Daranore. Moita compaña me fain os seus dibuxos. Sinto n'eles cousas deica iles case inéditas de Galiza. Tiven un sobresalto. Un dos bultos — onde viñan as millores cousas: libros, Vde., Colmeiro — foi parar a Xenova. Voltou sin perda. Como lle dixen na outra miña viaxe espertan na Galiza moito interés e ao tempo en outros un sentimento de estraneza. Queren formar unha biblioteca galega, de varias xeneis. Hai por o visto xente de moitos cartos no asunto. Eu penso na xentil empresa de Vdes. Non sei escribir n'iste papel que protesta. Con Vde hai que ter conversación tan presa e apurrare. Ademais

Saúdos de entrambos pra sua esposa, da miña pra vostede, e unha rexa aperta de seu amigo moi agradecido de sempre

R. Otero Pedrayo